



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

**CORRECCIÓN DE ERROS.** Resolución do 19 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de matemáticas (590006).

Pola resolución do 19 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, publicada no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) con data 19/04/2018, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de matemáticas (590006).

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establece que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio o por instancia das persoas interesadas, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Advertido un erro na citada resolución do 19 de abril de 2018, cómpre corrixilo do xeito que a continuación se indica.

Na base sexta, parágrafo primeiro, onde di:

*"A comisión prevista no punto quinto realizará a valoración dos méritos tendo en conta o disposto no anexo I da Orde do 7 de abril de 2017 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso a corpos docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 17 de abril)".*

debe decir:

*"A comisión prevista no punto quinto realizará a valoración dos méritos tendo en conta o disposto no anexo II da Orde do 14 de marzo de 2018 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso a corpos docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 21 de marzo)".*

Esta corrección de errores, que deberá publicarse no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal), non implica a apertura dun novo prazo para formular solicitudes.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018

O Director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

